

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

ANUNCIO do 15 de maio de 2021 polo que se fai pública a resolución da concesión dunha bolsa de formación para a xestión de procesos de avaliación e calidade.

Mediante a Resolución do 14 de decembro de 2020 (DOG núm. 3, do 7 de xaneiro de 2021) convocouse unha bolsa para a xestión de procesos de avaliación e calidade.

En cumprimento do establecido na base décimo segunda da dita Resolución do 14 de decembro de 2020, a comisión de avaliación examinou e valorou os méritos e realizou a entrevista ás persoas candidatas.

De acordo co exposto e coa obriga de publicidade recollida na base décimo terceira da Resolución do 24 de decembro de 2020, faise pública a Resolución da Dirección da EGAP, do 30 de abril de 2021, pola que se concede unha bolsa de formación para a xestión de procesos de avaliación e calidade, que literalmente di:

«En vista de todo o que antecede e da proposta do secretario xeral da EGAP,

RESOLVO:

Adxudicar a bolsa de referencia a Ana Moure Soengas, con NIF ****5547****, por ser a candidata a que lle corresponde por orde de puntuación. As actividades de formación iniciaránse desde a data da súa incorporación na EGAP e finalizarán o 31 de decembro de 2021.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a directora da EGAP no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Asemade, cabe a interposición directa dun recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso administrativo que resulten competentes, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da devandita notificación ou



publicación, de conformidade co establecido nos artigos 8.2.a) e 14 e 46.1, respectivamente, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa».

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2021

A directora da Escola Galega de Administración Pública
P.D. (Resolución do 17.12.2007; DOG núm. 3, do 2.1.2008)
Sergio Domingo Baamonde Boquete
Secretario xeral da Escola Galega de Administración Pública

CVE-DOG: fonzhcz6-4eq1-yic2-ekq5-urpp25mvx4q3

